

## COMUNICADO SOBRE O MURO DA PRAIA



**A Agrupación de Electores de Redondela NON apoia a actuación que está levando a cabo o Concello no litoral da parroquia de Cesantes.**

Non podemos entender a falta de sensibilidade dos nosos gobernantes con respecto dun dos nosos patrimonios máis importantes e delicados como é o areal da parroquia de Cesantes.

Quen non escoitou algunha vez ás persoas de máis avanzada idade que a Praia se está degradando a pasos axigantados dende que se levaron adiante construcións na enseada como o porto de Cesantes, os distintos recheos no litoral de Cedeira e Rande, os muros verticais construídos ó longo da Praia... Moitos destes muros feitos por particulares, e sen ningún tipo de control.

Na Agrupación de Electores aplaudimos as actuacións que se leven a cabo para a mellora do noso litoral, como pode ser o futuro porto pilotado que substituirá ó actual, pero tamén pensamos que de nada vale se por outro lado facemos outro tipo de construcións que, cando menos, son arriscadas. **E dicimos “arriscadas” pola falta de informes e estudos sobre o seu impacto medioambiental tanto no tema da conservación do areal** (so hai que achegarse ó lugar para darse conta que en poucos anos está desaparecendo gran cantidade de área) **como na posible influencia sobre o sector marisqueiro tan importante no noso concello.**

Algunha xente pensará, pode que por desinformación, que a nosa actitude ten que ver coa inminente chegada das eleccións, pero podemos asegurar que non é por tal motivo. **No pleno de outubro de 2014 AER xa votou en contra da modificación do proxecto anterior para esa zona.** Modificación que saíu adiante cos votos do PP e as abstencións de BNG e PSOE.

Nunha xuntanza posterior a este pleno, estivemos os grupos políticos, representantes veciñais e o arquitecto do concello. **Este afirmou que o mellor xeito de evitar a perda de area sería un paseo pilotado. Parece que o equipo do goberno só lle fai caso ao arquitecto cando lle convén a Fenosa ou a Plastic Omnium, pero non cando lle convén ao medio ambiente e ao futuro das mariscadoras.**

**Son reiteradas as intervencións dalgunhas asociacións da parroquia a través do consello parroquial onde demandaron nos últimos meses información e incluso estudos previos sobre o impacto no areal .**

No Consello Parroquial celebrado o 10/12/2014 e convocado exclusivamente para tratar este tema; e ó cal asistiu o alcalde acompañado do enxeñeiro encargado da obra, **o alcalde afirma que xa lle solicitou un estudo a PORTOS e tamén ter con eles unha reunión sobre este tema coa presenza do patrón maior para interesarse polo “tema do marisqueo”.**

## **A DÍA DE HOXE, NIN TEMOS CONSTANCIA DE ESTUDO ALGÚN, NIN DE NINGUNHA REUNIÓN CON PORTOS.**

O pasado 4 de MARZO convocouse o Consello Parroquial ordinario que tamén levaba na orde do día un punto sobre o tema do muro da Praia. Volveu a asistir o enxeñeiro encargado das obras para aclarar as dúbidas que poderán ter os veciños. Neste consello *a Confraría, mediante o seu presidente, manifestou a súa preocupación pola posible repercusión do muro sobre o banco marisqueiro, mostrando descontento pola falta de estudos sobre o posible impacto.* ( Aínda non temos acta deste Consello).

A vista esta como se están a facer estas obras, apilando áridos na mesma praia. Áridos que a marea arrastra. **Pode o alcalde asegurar que este arrastre non vai a afectar Ao banco marisqueo alí situado? Pode aseguralo sen haber ningún tipo de estudo?**

**Se non se fixeran as cousas tarde, mal e arrastro, non se podería facer a obra dende o camiño sen que as maquinas invadiran o areal e sen depositar os áridos neste.**

Tendo en conta todos estes antecedentes, dende a Agrupación de Electores de Redondela non podemos mais que denunciar a falta de consideración do equipo de goberno coas demandas dos colectivos veciñais, e a súa deixadez á hora de esixir os estudos correspondentes. Non vale dicir que se convocou varias veces o consello parroquial para tratar o tema, porque saben perfectamente que é todo un paripé de última hora con presas polos prazos de execución que están a punto de cumprirse.

TEN QUE SER A VECIÑANZA QUEN RECLAME ESTES ESTUDOS? ESTA RESPONSABILIDADE NON A DEBE TER O EQUIPO DE GOBERNO? ESTA E A GRAN XESTIÓN DA QUE TANTO SE GABAN? MERECE A PENA SEGUIR DEGRADANDO O NOSO LITORAL POR NON PERDER UNHA SUBVENCIÓN EUROPEA DE ALGO MAIS DE 200.000 EUROS? SUBVENCIÓN QUE NON SERÍA NECESARIA PERDER SE SE FIXERAN AS COUSAS EN TEMPO E FORMA

Écheselle a boca a algún con que conseguimos a primeira bandeira azul para Redondela, e sen embargo facemos cousas, cando menos, de dubidoso respecto co entorno. Recordemos o contedor que adornou o noso areal da Punta coa súa presenza durante estes últimos anos (contedor que se retirou tras unha moción de AER para reubicalo), recordemos tamén as palmeiras postas estratexicamente ó lado da caseta de protección civil para darlle un aire mais estilo California á Praia, ou ese parque acuático infantil (non sabían que coas mareas vivas o mar ocupa esta zona?). Poderíamos tamén comentar a deixadez en cuestión de mantemento e da limpeza salvo cando hai algún acto organizado e moitas cousas máis.

**En definitiva, a Agrupación de Electores de Redondela xa manifestou en infinidade de ocasións que non estamos dacordo en levar adiante actuacións sen estudar previa e concienzudamente o impacto que teñan sobre o seu entorno natural. Emprazamos ó goberno local a que paralice as obras para darlle solución a esta situación.**

As cousas fanse ben ou non se fan!